



## **CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADORA/A SOCIAL (FUNCIONARIO/A INTERINO/A) E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO**

CASO PRÁCTICO (15 de xuño de 2020)

**María foi derivada deste Atención Primaria de saúde ao manifestar esgotamento físico e psicolóxico e a sobre carga que ten co coidado de Manuel e do seu traballo. Manuel atópase nunha situación de dependencia sen ter recoñecido o grao na actualidade.**

**Manuel, de 50 anos, leva máis de 10 anos residindo coa súa muller, María e cos dous fillos que teñen en común, Marta e Alberto, nun piso na Coruña. É perceptor dunha pensión contributiva de incapacidade permanente en grao de gran invalidez de aproximadamente 1.200 euros. Alberto ten 27 anos e traballa contando mensualmente cuns ingresos de 1.000 euros aproximadamente, Marta ten 23 anos e non ten ocupación laboral algunha, ten recoñecida unha discapacidade dun 67%. Poa súa banda, María ten ingresos provenientes do seu traballo por un importe de 1.100 euros cada mes. María e Manuel están casados en réxime de participación de bens.**

**Manuel ten recoñecido un grao de discapacidade con recoñecemento de necesidade de axuda doutra persoa en 30 puntos. Aténdeo María coa axuda dos seus fillos. Na entrevista realizada María manifesta o seu interese por percibir a prestación de coidados no entorno podendo ser coidadores ela ou a súa filla.**

1.- ¿Podería ser Marta perceptora da pensión non contributiva de invalidez?

- a) Si, xa que ten máis dun 65% de discapacidade
- b) Si, si ademais cumpre cos demais requisitos establecidos
- c) Si, xa que cumpre co requisito da residencia
- d) Ningunha das anteriores correcta

2.- A efectos do cálculo do límite de acumulación de recursos para poder ser beneficiaria da PNC este deberá ser igual a :

- a) Á contía en cómputo anual, máis o 80% da contía polo número de membros da unidade económica menos 1
- b) Á contía en cómputo anual, máis o 70% da contía polo número de membros da unidade



económica

- c) Á contía en cómputo anual, máis o 70% da contía polo número de membros da unidade económica menos 1
- d) Á contía en cómputo anual, máis o 75% da contía polo número de membros da unidade económica

3.- Aos efectos das pensións non contributivas, enténdese que se cumpre co requisito de carecer de rendas e ingresos suficientes, cando:

- a) Os ingresos da unidade económica son inferiores ao límite de acumulación de recursos
- b) Os ingresos do beneficiario son inferiores á contía da pensión en cómputo anual
- c) Cando os ingresos do beneficiario son inferiores ao 75% do IPREM
- d) A e B son correctas

4.- ¿ Cal dos seguintes requisitos cumpre Marta para poder percibir a PNC?

- a) Ser maior de 18 e menos de sesenta e cinco anos de idade
- b) Residir legalmente en territorio español e telo feito durante 5 anos , dos cales 2 deberán ser inmediatamente anteriores á data da solicitude da pensión
- c) Carecer de rendas ou ingresos suficientes
- d) Todas son correctas

5.- Para a percepción da prestación de fillo a cargo, no caso de que Marta estivese incapacitada legalmente:

- a) Esta podería ser beneficiaria da prestación
- b) Ésta sería a causante da prestación
- c) Esta podería ser beneficiaria e causante da prestación
- d) Ningunha das anteriores é correctas

6.-¿ Reúne Manuel os requisitos para a valoración de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) Si, xa que leva residindo en Galicia máis de 5 anos
- b) Si, xa que os 2 últimos anos residíu en Galicia



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- c) Si, xa que reside en Galicia e leva máis de 5 anos residindo en territorio nacional dos cales 2 son anteriores a data de presentación da solicitude
- d) Non, si a capacidade permanente de Manuel non é Gran Invalidez xa que non estaría nos graos de dependencia

7.- Si da aplicación do BVD resulta un recoñecemento de dependencia de Grao I

- a) O PIA iniciárase a instancia do interesado no momento en que entre en vigor o grao I de dependencia
- b) Iniciarase de oficio o PIA xa que o grao está en vigor según a aplicación progresiva da Lei e o seu grao equivaldría a un grao II
- c) O PIA iniciárase de oficio no momento en que entre en vigor o grao I de dependencia
- d) A e C son correctas

8.- Tendo en conta que, na unidade familiar de Manuel, ademais da súa pensión, traballan 2 persoas máis, ¿ que ingresos se terían en conta para calcular a capacidade económica do usuario?

- a) Solo a pensión do usuario
- b) A pensión do usuario e o seu patrimonio si é o caso, máis os ingresos da súa filla Marta dividido por 1,5
- c) Todos os ingresos da unidade económica
- d) A pensión do usuario e o complemento de Grande Invalidez e o patrimonio nunha porcentaxe dun 3%

9.- Según a normativa da Lei de dependencia si a prestación máis adecuada fose coidados no entorno, ¿ podería percibir Manuel a prestación con efectos retroactivos?

- a) Si, ao día seguinte da presentación da solicitude para grao



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- b) Non, xa que o carácter retroactivo suprimiuse salvo por retraso na resolución por causas non imputables ao beneficiario
- c) Si, si transcorreron 3 meses sin que conste resolución por causas non imputables ao beneficiario
- d) B e C son correctas

10.-Tendo en conta a sobrecarga que manifesta ter a cuidadora de Manuel e o establecido na Lei de dependencia , ¿que prestación ou servizo sería máis adecuada?

- a) Libranza para cuidados no entorno sendo a cuidados , Marta
- b) Libranza para a adquisición dun servizo
- c) Praza en centro de día
- d) Todos eles

#### PREGUNTAS RESERVA:

1.- ¿ Cal das seguintes afirmacións é correcta respecto da pensión que percibe Manuel?

- a) É incompatible co exercicio de actividades lucrativas
- b) Equivale ao 100% da base reguladora
- c) O complemento de terceira persoa equivale como mínimo ao 45% da pensión que percibe o beneficiario
- d) Todas son correctas

2.- A efectos do cobro da PNC , enténdese que está afectado por un grao de discapacidade igual ao 65% quen teña recoñecida:

- a) Incapacidade permanente absoluta
- b) Unha pensión asistencial por enfermidade con anterioridade á entrada en vigor do RD 35771991 de 15 de marzo
- c) As persoas incapacitadas legalmente



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

d) Todas son correctas

3.- ¿ Podería ser Marta perceptora do complemento de terceira persoa da pensión non contributiva por discapacidade?

- a) Si
- b) Si, equivalería ao 50% da pensións
- c) Non, non cumpre os requisitos
- d) Non, de PNC pero si de fillo a cargo

4.- Para a elaboración do PIA deberase:

- a) Ter en conta a consulta formulada ao interesado ou ao seu representante legal, si fora o caso, respecto das expectativas ou necesidades de atención.
- b) Establecer como recurso idóneo o que solicite o interesado ou o seu representante legal no momento de formular a solicitude nos apartados establecidos ao efecto
- c) A consulta que se lle fai ao interesado ou ao seu representante é vinculante para a elaboración do PIA
- d) A e C son correctas

5.- Si Manuel decide incorporarse ao programa de asignación de recursos, ¿ cales serían os criterios de la prelación?

- a) Grao e capacidade económica e si é beneficiario doutro servizo ou prestación do sistema
- b) Grao, capacidade económica, inexistencia de rede de apoio, si é beneficiario doutro servizo ou prestación di sistema, fecha de presentación da solicitude e idade.
- c) Grao, si é beneficiario doutro servizo ou prestación do sistema, capacidade económica, idade e data de presentación da solicitude
- d) ) Grao, si percibe outro recurso do sistema, capacidade económica, inexistencia de rede de apoio ou idade.